INFORME sobre proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia de Turismo de Galicia
(Expte: PXA2-2024-002-M)

ANTECEDENTES

Único. Solicitude de informe

Esta dirección xeral, o 26.05.2025, recibe escrito da Dirección da Axencia de Turismo Galicia, no que solicita a tramitación da modificación da relación de postos de traballo da axencia.

Entre a documentación remitida consta a seguinte:

- Memorias funcional e económica
- Táboa de equivalencias
- Acta de negociación coas organizacións sindicais celebrada o 19.03.2025

Posteriormente, o 05.06.2025 remiten nova memoria funcional.

Constan no expediente informes da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de datas 12.05.2025 e 11.06.2025, de conformidade co disposto no artigo 14.2.F do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

INFORME

Primeiro. Órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril). Este decreto establece que:

- **Dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia** os seguintes órganos superiores e de dirección:
  - 1. Secretaría Xeral da Presidencia:
    - 1.1 Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia
  - 2. Secretaría Xeral de Medios:
    - 2.1 Dirección Xeral de Comunicación.

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- 3. Oficina de Coordinación Económica da Presidencia, con rango de secretaría xeral.
- 4. Asesoría Xurídica Xeral, con rango de secretaría xeral.
  - 4.1 Dirección Xeral de Asuntos Constitucionais e Desenvolvemento Lexislativo.
- 5. As delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

- **Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia** a **Axencia de Turismo de Galicia**, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.

Segundo. Estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección

O Decreto 135/2024, do 20 de maio, fixou a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Este decreto, no artigo 2, establece:

– **3.** Quedan adscritos aos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o disposto nas súas normas reguladoras, os seguintes órganos colexiados::

a) O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, creado polo Decreto 276/1999, do 21 de outubro, á Secretaría Xeral de Medios.

b) O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, regulado polo Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, **á Axencia de Turismo de Galicia**.

c) O Consello de Turismo de Galicia, regulado polo Decreto 149/2012, do 5 de xullo, **á Axencia de Turismo de Galicia**.

d) A Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago, regulada polo Decreto 107/2016, do 4 de agosto, **á Axencia de Turismo de Galicia**.

e) O Comité Camelia Galicia, regulado pola Orde do 25 de maio de 2020, polo que se establece a ordenación da Ruta dos Xardíns da Camelia e se crea o Comité Camelia Galicia, **á Axencia de Turismo de Galicia**.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Terceiro. A Axencia de Turismo de Galicia. Creación. Organización. Entrada en funcionamento

- **Terceiro.1** **Creación**

A Axencia de Turismo de Galicia foi creada e aprobados os seus estatutos por Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) como **axencia pública autonómica**, co obxectivo básico de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

- **Terceiro.2** **Organización da axencia**

1. **Os órganos** da Axencia de Turismo de Galicia son:

a) De goberno
- A Presidencia
- O Consello Reitor

b) De goberno e executivo
- A Dirección

c) Outros órganos:
- A Xerencia
- A Comisión de Control e Seguimento

- A Asesoría Xurídica
- As direccións
- As áreas
- A Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa

- **Terceiro.3** **Estrutura orgánica**

  - **Secretaría de Coordinación Económica e Administrativa** (nivel orgánico de subdirección xeral) á cal lle corresponde a coordinación, seguimento e control das áreas (nivel orgánico de servizo) dependentes da Xerencia:

    - Área de Xestión Económica e Orzamentaria
    - Área de Contratación
    - Área de Apoio Xurídico e Lexislativo
    - Área de Recursos Humanos
    - Área de Obras e Mantemento

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

- **Áreas provinciais**
  - Unha en cada provincia (nivel orgánico de servizo)

- **Dirección de Competitividade** (nivel orgánico de subdirección xeral), integrada polas seguintes áreas (nivel orgánico de servizo):

  - Área de Inspección Turística
  - Área de Fomento e Desenvolvemento Empresarial
  - Área de Calidade e Proxectos Europeos
  - Área de Estudos e Investigación

- **Dirección de Promoción** (nivel orgánico de subdirección xeral), integrada polas seguintes áreas (nivel orgánico de servizo):

  - Área de Produtos
  - Área de Proxectos e Accións Promocionais
  - Área de Documentación e Información Turística
  - Área de Comunicación
  - Área de Imaxe e Xestión de Marca
  - Área de Innovación Turística
  - Área de Feiras

- **Dirección de Profesionalización** (nivel orgánico de subdirección xeral), integrada polas seguintes áreas (nivel orgánico de servizo):

  - Área do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG)
  - Área de Formación Continua e Consultoría

- **Área de Turismo Termal**

- **Terceiro.4 Entrada en funcionamento**

Por Resolución do 22 de febreiro de 2013 a axencia púxose en funcionamento o 1 de marzo de 2013 (DOG núm. 39, do 25 de febreiro).

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Cuarto. Obxecto do informe

A vixente relación de postos de traballo da Axencia de Turismo de Galicia, foi aprobada polo Acordo do Consello da Xunta do 15 de xullo de 2015, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda do 16 de xullo de 2015 (DOG núm. 138, do 23 de xullo). Posteriormente, realizouse unha modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de agosto de 2022, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 9 de agosto de 2022 (DOG núm. 153, do 11 de agosto), e unha modificación aprobada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023, que se publicou por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública da mesma data (DOG núm. 44, do 3 de marzo).

O obxecto do presente informe é a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia de Turismo de Galicia e recolle:

- **Creación** de 4 postos de RPT:
    - 1 Xefatura de Sección Contabilidade Financeira
    - 1 Xefatura de Sección Administrativa
    - 2 Técnicos/as de Cociña
- **Amortización** de postos de RPT:
    - Posto base subgrupo C2
- Amortización de postos de cadro de persoal:
    - PX_EXT49 "Xestor/a da Área de Xestión Económica e de Persoal
    - PX_EXT42 "Titulado/a Medio"
    - PX_EXT88 "Xestor/a I TUP"

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Quinto. Creacións e amortizacións de postos de traballo de RPT

- **Quinto.1. Creacións**

Nº	UNIDADE ADMINISTRATIVA	POSTO	SUBG. NIVEL F.PROVISIÓN	CORPO/ ESCALA ADSCR. ADMÓN	ÁREA FUNC.	FORMAC. ESPECÍFICA
1.	SECRETARÍA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA	XEFATURA DE SECCIÓN CONTABILIDADE FINANCEIRA (1) **PX.A20.00.002.15770.015**	A1,A2,C1 25 C	XERAL AXG	ECO	053-829
2.	SECRETARÍA DE COORDINACIÓN ECONÓMICA E ADMINISTRATIVA	XEFATURA DE SECCIÓN ADMINISTRATIVA (2) **PX.A20.00.002.15770.051**	A1,A2,C1 25 C	XERAL AXG		424
3.	DIRECCIÓN DE PROFESIONALIZACIÓN	TÉCNICO/A COCIÑA I (3) **PX.A20.00.005.15770.016**	C1 18 C	ECÑ AXG		
4.	DIRECCIÓN DE PROFESIONALIZACIÓN	TÉCNICO/A COCIÑA II (3) **PX.A20.00.005.15770.017**	C1 18 C	ECÑ AXG		

CÓDIGOS

053 COÑECEMENTOS CONTABILIDADE (MÉRITO).
829 EXPERIENCIA XESTIÓN ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE FINANCEIRA (MÉRITO).
424 EXPERIENCIA EN XESTIÓN DE OBRAS E/OU EQUIPAMENTOS (MÉRITO).
ECÑ ESPECIAL (ESC. TÉCNICA DE COCIÑA)
ECO ECONÓMICA-ORZAMENTARIA

(1) Segundo recollen na memoria funcional a creación deste posto resulta *coa finalidade de dotar a esta entidade dunha nova Xefatura de Sección de Contabilidade Financeira, para a que se solicita coñecementos técnicos e prácticos en contabilidade e acreditada experiencia na materia. Tendo en conta ademais, a necesidade dun especial coidado na xestión e tramitación da información (protección de datos), xa que neste posto os datos manexados serán de especial sensibilidade e responsabilidade, por tratarse de información reservada de Turismo de Galicia, do Centro Superior de Hostalería de Galicia e da Xunta de Galicia.*

Este praza terá encomendadas tarefas de contabilidade financeira, elaboración de declaracións e modelos tributarios, elaboración das contas anuais da entidade, levanza dos libros de IVE e do Inventario de Turismo de Galicia, e a xestión económico-financeira da actividade do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG).

(2) Segundo recollen na memoria funcional a creación deste posto resulta *pola necesidade de coordinación, asistencia e supervisión dos investimentos na valorización dos recursos turísticos de Galicia que se promoven desde a Axencia; o apoio técnico sobre os investimentos en infraestruturas como consecuencia dos plans ou programas en que participa esta entidade ou por instancia doutro organismo que teña establecidas liñas de apoio ao turismo; a valoración técnica de proxectos presentados por empresas en relación cos expedientes de axudas de fomento do turismo, ou por solicitude doutros órganos; a realización de informes de idoneidade turística de proxectos con incidencia especial en espazos turísticos; a supervisión e mantemento dos inmobles da súa propiedade ou adscritos á Axencia ou a creación, mantemento e xestión da rede de albergues da Xunta de Galicia, supoñen a necesidade de creación do citado posto que dependerá da Área de Obras e Mantemento da Axencia Turismo de Galicia.*

(3) Segundo recollen na memoria funcional a creación deste posto resulta do seguinte:

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), da extinta Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, integrado como área na Dirección de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia, é un centro de ensinanza superior adscrito á Universidade de Santiago de Compostela que forma

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

directivos hostaleiros e xestores en cociña, e no que se imparte o grao en Xestión de Empresas Hostaleiras. Neste curso 2024/25 ten un total de 244 alumnos, dos que preto de 100 residen no centro, o que supón un incremento do 37% fronte aos 178 do curso académico 2023/24.

O incremento considerable do alumnado e as perspectivas de mantemento no tempo desta situación requiren dispoñer de persoal estable de apoio de cociña e sala. Dentro da actividade do centro inclúense servizos de restauración non relacionados coa docencia, servizos de almorzo, xantar e cea para o alumnado do CSHG e a realización doutros servizos deste tipo non vencellados ás prácticas do alumnado.

Tendo en conta o anterior, resulta necesario a creación dos citados postos que dependerán da Dirección de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia.

- **Quinto.2 Amortizacións**

A presente modificación da relación de postos de traballo inclúe a amotización do seguinte posto de traballo **vacante e sen ocupación**:

Nº	UNIDADE ADMINISTRATIVA	POSTO	SUBG. NIVEL F.PROVISIÓN	CORPO/ ESCALA ADSCR. ADMÓN
1.	DIRECCIÓN DE COMPETITIVIDADE	POSTO BASE SUBGRUPO C2 PXA200000315770035	C2 12 C	XERAL AXG

- **Quinto.3** Outras amortizacións (de cadro de persoal):
  - PX_EXT49 "Xestor/a da Área de Xestión Económica e de Persoal
  - PX_EXT42 "Titulado/a Medio"
  - PX_EXT88 "Xestor/a I TUP"

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: Gs1xqS2ahks0 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal

Sexto. Actuacións realizadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Das actuacións realizadas por esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, cómpre a modificación e/ou retirada das observacións a determinados postos por non estaren ocupados polas persoas que motivaron esas observacións:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	POSTO	OBSERVACIONES (A MODIFICAR)	OBSERVACIÓNS (MODIFICADA)
ÁREA PROVINCIAL DE LUGO	PX.A29.10.000.27001.009	INSPECTOR/A DE TURISMO	**OCUPADO LABORAL FIXO. // HORARIO ESPECIAL**	HORARIO ESPECIAL
OFICINA TURISMO PONTEVEDRA	PX.A29.40.401.36001.005	POSTO BASE SUBGRUPO C1	**XORNADA PARTIDA // CANDO SEXA VACANTE: HORARIO ESPECIAL // OCUPADO POR PERSOAL LABORAL FIXO: GRUPO III, CATEGORÍA 62, EN VIRTUDE DE SENTENZA XUDICIAL.**	XORNADA PARTIDA // CANDO SEXA VACANTE: HORARIO ESPECIAL //

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais contidas na proposta sometida a informe, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a modificación da relación de postos de traballo da **Axencia de Turismo de Galicia.**

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT onde figura a clasificación completa e detallada dos postos.

Cómpre que a axencia remita a esta dirección xeral **certificación de aprobación da modificación da relación de postos de traballo polo Consello Reitor** segundo o recollido no artigo 17.q do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación con anterioridade á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

Asinado por: AGUILAR VAZQUEZ, NURIA
Cargo: Directora Xeral de Emprego Publico e Administracion de Persoal
Data e hora: 16/06/2025 17:22:06

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste codigo.
CVE: Gs1xqS2ahks0 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.emprego.publico@xunta.gal